



CAMPIONATO SOCIAL DE SALMÓNIDOS LANCE E MOSCA 2021

Domingo 18 de Abril – Couto de Pesca de Ribadavia

A Agrupación Deportiva Natural de Ribadavia CONVOCA a tódolos seus socios ós campionatos sociais de salmónidos lance e salmónidos mosca da tempada 2021 que se celebrarán o vindeiro domingo 18 de abril no Couto de Pesca de Ribadavia, baixo as seguintes BASES:

PARTICIPACIÓN

- Poderán participar tódolos socios que se inscriban antes da data límite de inscrición, que estean ao corrente de pago da cuota anual de socio e que entreguen o día da competición o formulario de declaración responsable do COVID-19 asinado. Achégase o formulario xunto con estas bases.
- Os catro primeiros clasificados de cada modalidade serán os representantes do club nos campionatos provinciais que terán lugar:
 - Salmónidos lance o sábado 1 de Maio no Couto de Ribadavia (Rio Avia).
 - Salmónidos mosca o domingo 9 de Maio no Couto de Boborás (Rio Viñao).
- A partir do 5º clasificado quedarán de reservas para substituír os clasificados en caso de que non poidan asistir.

ESCENARIOS E HORARIOS

- Desenvolverase no Couto de Pesca de Ribadavia (Rio Avia): O escenario estará dividido en tramos que terán unha dimensión mínima de 300 mts.
- **A modalidade de lance disputarase pola mañá e a de mosca pola tarde.**
- O punto de encontro para os participantes na modalidade de lance será ás 07:45 horas no Campo da Festa de Vieite para realizar o sorteo de tramos e orde de participación. Disputarase unha única manga pola mañá. Pescarase en 2 fases de 2 horas duración: 1ª Fase de 08:45 a 10:45 h., 2ª Fase de 11:15 a 13:15 h. Deste xeito cada pescador pescará e controlará unha fase. Haberá un periodo de 30 min. tras o remate da 2ª fase para que cada participante entregue a súa plica no lugar de concentración, é dicir ata as 13:45 h.



- O punto de encontro para os participantes na modalidade de mosca será ás 15:00 horas no Campo da Festa de Vieite para realizar o sorteo de tramos e orde de participación. Disputarase unha única manga pola tarde. Pescarase en 2 fases de 2 horas duración: 1ª Fase de 16:00 a 18:00 h., 2ª Fase de 18:30 a 20:30 h. Deste xeito cada pescador pescará e controlará unha fase. Haberá un periodo de 30 min. tras o remate da 2ª fase para que cada participante entregue a súa plica no lugar de concentración, é dicir ata as 21:00 h.
- O día e escenario de reserva establecido en caso de que non se poida disputar a competición no día previsto é o domingo 25 de abril nos tramos libres de pesca sen morte do río Avia mantendo as mesmas bases.

NORMAS DE DESEÑO

Como **normas xerais** seguiranse as reflectidas no Regulamento de Competicións da FEPyC, entre as que destacamos as seguintes:

- O campeonato disputarase baixo a modalidade sen morte.
- En cada manga a metade dos participantes pescarán na 1ª fase sendo controlados pola outra metade según determine o sorteo. Os que controlen na 1ª fase pescarán na 2ª fase e sendo controlados polos que pescaron na 1ª.
- O tramo asignado poderá ser utilizado dentro das normas habituais deportivas podendo pescar dende a beira ou dende a auga.
- É obrigatorio o uso de sacadeira dunha lonxitude máxima extendida de 1,22 m. e as pezas capturadas deberán presentarse ó control dentro da mesma para que este a recolla e a mida.

Normas específicas da modalidade de lance:

Material permitido:

Canas: De uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).

Carretes: De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.

Sedelas: Exclusivamente de monofiamiento nos seus diferentes tipos e grosos.

Cebos (Só culleriñas e moscas artificiais):

Culleriñas: xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.



Moscas: Un máximo de tres moscas artificiais co uso da boia ou buldó (fitos na sedela ou baixo de liña). A distancia entre elas é discrecional.

Anzois: tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha á retirada do anzol.

Non se permite:

- Utilizar boias ou buldós corredizos sobre a sedela ou baixo de liña. Terán que estar fitos á mesma.
- O uso de canas e carretes tipo mosca.

Normas específicas da modalidade de mosca:

Material permitido:

Canas. Libres, de uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).

Carretes. De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina xiratoria.

Liñas. Cola de rata de calquera composición ou forma das habituais do mercado, cunha lonxitude mínima de 22 metros e cun diámetro mínimo de 0,55 mm incluíndo o recubrimento.

Baixos de Liña. Sinxelos, de lonxitude como máximo dúas veces a lonxitude da cana, anoados ou sen nós, e cónicos ou cilíndricos. Non se poderán engadir ao baixo de liña mecanismos de afundimento ou flotación. Os baixos de liña non poden ter elementos adicionais adheridos ao mesmo distintos aos codais que soporten os reclamos. Estes codais deberán ir fixados ao baixo de liña, anoados ao mesmo ou mediante micro argolas ríxidas sen sobranse ningún, e deberán ter una lonxitude mínima de 5 cm. dende o baixo de liña ata a argola ou paleta do reclamo empregado (mosca, streamer, etc...). Os codais dos reclamos fixaranse ao baixo de liña de modo que non poidan deslizarse ao longo do mesmo.

Permítese:

- O uso de liñas flotantes e de afundimento
- O final da liña o uso dunha lazada para conectalo baixo de liña.
- As moscas lastradas, sempre e cando o lastre quede oculto polo revestimento, que debe imitar algunha parte morfolóxica, ou formar parte da súa propia estrutura. O revestimento por pintura non se considera como tal.



- Unha única perla ou boliña visible no anzol. A dimensión máxima desa perla non pode exceder dos 4 mm.
- Un máximo de tres moscas: Cando se empregue mais dunha, a distancia mínima entre moscas será de 50 centímetros, medidos cando estas penduren libremente.
- O uso de “streamer” e as moscas artificiais flotantes ou afundidas que imiten calquera das fases do ciclo vital do insecto imitado (larva, ninfa, sub-imago e imago), montadas sobre anzois simples.

Non se permite

- As cabezas disparadoras ou lanzadoras.
- Engadir pesos e dispositivos ou materias flotantes ás liñas de pesca nin indicadores de picada.
- O uso de liñas de corpo chumbado.
- O uso de imitacións que desprendan colorantes ou olores.
- Os anzois con arponciño ou lingüeta. Son válidos os anzois que teñan totalmente inutilizado o arponciño ou lingüeta, de modo que non ofrezan resistencia algunha á retirada.

PUNTUACIÓN E CLASIFICACIÓN

- **Serán válidas tódalas capturas. As pezas que medidas dende a punta do fociño ata a punta do rabo teñan 16 ou menos centímetros, contarán todas coma de 16. As capturas que midan máis de 16 cm e non superen os 17 computarán coma de 17 cm. Os exemplares que superen os 17 cm, sen ter máis de 18, puntuarán coma de 18. E así sucesivamente.**
- As capturas anotaranse nas tarxetas que serán facilitadas pola organización ao efecto e serán asinadas polo pescador e polo control ao finalizar a fase de pesca. A tarxeta conta con 10 casillas nas que se ira anotando por orde a talla de cada captura en mm.
- A clasificación de cada manga realizarase por orde da puntuación obtida tras aplicar 100 puntos por peza capturada, máis os correspondentes a súa lonxitude en cm. elevada ao cubo e dividida entre 100.
- A clasificación final farase de maior a menor puntuación na manga.

PREMIOS



- Habrá trofeos para os 3 primeiros clasificados. As entregas de premios realizaranse ás 14:00 h. para lance e ás 21:30 h. para mosca, nun acto ao aire libre no que se respetarán ás medidas hixiénicas e de prevención establecidas nos protocolos de aplicación para este tipo de actos.

NOTAS

- Para o desenvolvemento da competición será de aplicación o protocolo Fsiocovid da Federación Galega de Pesca e Casting que se pode consultar na súa páxina web www.fgpesca.org , polo que o clube non se encargará de organizar ningún tipo de comida nin entrega de avituallamento, cada participante deberá traer as súa propia comida e bebida debidamente identificadas.

- A inscrición dos pescadores participantes deberáse realizar antes das 21:00 h. do mércores 14 de Abril de 2021 e poderán facelo a través do grupo de WhatsApp do clube ou contactando co Presidente no 665 424 699 ou no e-mail roi@adnpescaRibadavia.es.

Ribadavia, 5 de Abril de 2021



DECLARACION RESPONSABLE

D./ª.....maior de idade con DNI.....
domiciliado ennº de teléfono
..... en nome propio ou como pai/nai/ titor/a legal do menor.....;
Comparezo e manifesto como mellor proceda e

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- Que sei/sabe nadar con suficiencia e son conscente dos riscos xerais da práctica da pesca deportiva.
- Que teño pleno coñecemento e conciencia que a práctica da pesca deportiva tanto en actividades complementarias como nas competicións implican un risco de contaxio da COVID-19, circunstancia da que son consciente e acepto.
- Que **NON** presento sintomatoloxía compatible coa COVID-19 (febre superior ou igual aos 37,5 graos, tose, malestar xeral, sensación de falta de aire, perda do sentido do gusto, dor de cabeza, fatiga, dor de pescozo, dor muscular, vómitos, diarrea) ou calquera outro sintoma desta infección.
- Que **NON** dei positivo, nin tiven contacto con ningunha persoa ou persoas con sintomatoloxía posible ou confirmada de COVID-19 nos 14 días inmediatamente anteriores á data na que asino este documento.
- Que no caso de que fose persoa vulnerable ou convivir con persoa vulnerable acudo libremente e aceptando os riscos potencialmente graves (incluída a morte) derivados dunha posible infección
- Que lín os protocolos de seguridade e as medidas informativas e de prevención de hixiene e seguridade da COVID-19 dispostas no Protocolo COVID da Federación Galega de Pesca e Casting (FGPEC) para o desenvolvemento das súas actividades/competicións e que acepto cumprilas de maneira responsable, na súa totalidade, coas pautas de conduta e comportamento que alí se establecen, aceptando que o RESPONSABLE COVID da actividade/competición pode acordar de motu propio a miña exclusión da actividade/competición, ou do escenario deportivo, en caso de incumprilas.
- Que son consciente e acepto que o incumprimento do Protocolo COVID-19, especialmente a non declaración de ter dado positivo ou non ter declarado o feito de que tivera unha relación próxima con persoas con síntomas, implica unha infracción **MOI GRAVE** do código disciplinario que pode levar como consecuencia unha sanción de exclusión da actividade/competición e a retirada definitiva da licenza federativa, de ser o caso.
- Que me comprometo a informar ao club (antes de calquera actividade/competición) de calquera sintoma que sexa compatible coa COVID-19, do feito de ter dado positivo ou a existencia de calquera presunto ou confirmado caso de COVID-19 na miña contorna familiar ou achegados e comprométome a manter puntualmente informados da evolución dos mesmos aos responsables COVID do club.

Esta información será tratada de forma confidencial e coa exclusiva finalidade de poder adoptar as medidas necesarias para evitar o contaxio e a propagación do virus. Ao cumprimentar o presente documento, o abaixo asinante outorga o consentimento expreso para que a AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL poida facer un tratamento destes datos dende o punto de vista estritamente médico e de prevención.

Ao mesmo tempo e coa sinatura deste documento declaro **COÑECER** as medidas específicas de protección e hixiene establecidas nos protocolos do CSD, da FEPYC e da FGPEC cuxas normas son de obrigado cumprimento para os participantes nas actividades/competicións deportivas oficiais/oficiosas de pesca e para tódolos socios afiliados á AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL que participan nas mesmas.

O cumprimento das normas antes citadas é unha responsabilidade individual de cada un dos participantes que participa na actividade/competición, sen que exista responsabilidade algunha por parte da AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL dos contaxios que con ocasión da participación na actividade/competición se puideran producir polo seu incumprimento.

E para que conste aos efectos oportunos,

Asinado en a de de